

OS AMANTES DA NOITE

Nicholas Ray, 1948

569

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 1 e 20 de agosto | V.O.S.E.

They Live by Night (1948, 95')

Dirección: Nicholas Ray

Guión: Nicholas Ray, Charles Schnee (Novela: Edward Anderson)

Elenco: Cathy O'Donnell, Farley Granger, Howard Da Silva, Jay C. Flippen, Helen Craig, Will Wright, William Phipps, Ian Wolfe, Harry Harvey, Marie Bryant, Will Lee, James Nolan

Son: John L. Cass, Clem Portman, Roy Meadows

Dirección de arte: Albert S. D'Agostino, Alfred Herman

Vestuario: Adele Balkan

Montaxe: Sherman Todd

Música: Leigh Harline

Fotografía: George E. Diskant

Produtora: RKO Radio Pictures (EEUU)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

55 días en Pekín, 1963

Los dientes del diablo, 1960

Chicago, años 30, 1958

Más poderoso que la vida, 1956

Rebelde sin causa, 1955

Johnny Guitar, 1954

En un lugar solitario, 1950

SINOPSE

O mozo Bowie escapa de prisión con outros dous presos. Poco despois, os seus compañeiros arrástrano a atracar un banco. Na fuxida atopa o amor e comeza a crer que pode vivir en paz... pero os seus cómplices farano volver ao seu pasado.

«Nicholas Ray é o cinema»

Jean-Luc Godard



OS AMANTES DA NOITE

Nicholas Ray, 1948

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Vivir é facer política”

Entrevista con Nicholas Ray

Por Kathryn Bigelow e Sarah Fatima Parsons (maio de 1979)

Que pensaches ao viaxar a Europa e decatarte de que moitos cineastas, especialmente os franceses, estaban influenciados polo teu traballo?

Truffaut por exemplo... E tamén Godard, Rohmer. Si, fun unha forte influencia nos seus traballos. Non estou seguro se sempre nun sentido positivo. Lembro unha noite conducindo a casa durante a rodaxe de *Rebelde sin causa* (1955). Graváramos unha escena con Jim e Plato. Eu estaba a asubiar. Estremeciame ao pensar: «Meu deus, os franceses van adorar esta escena».

Ti procedes do teatro. Imaxino que tes un particular método de traballo. Si, teño o meu método, todo director ten o seu.

Que opinas das diferentes interpretacións que se fan do teu traballo? É unha das marabillas do cinema, esa sorte de contradición. Eu non busco manipular a ningún, cada espectador pode pensar o que queira. Algunhas interpretacións son sorprendentes, mesmo ridículas pero está ben que as haxa.

Tamén practicaches a pintura. Que estilo che interesa máis? Sempre fun admirador do expresionismo alemán e nórdico. Edvard Munch e a arte medieval tamén. Creio que os meus filmes exploran esta tendencia.

Como as cores do saloon de *Johnny Guitar* (1954). Fíxeno construír na saia dunha montaña en pleno deserto porque me encantaba a forma e as cores do rochedo do lugar. Semellaban creados por un Frank Lloyd Wright medieval.

James Dean, figura arquetípica dos 50, converteuse en fetiche de moda nos 70. Que pensas deste culto á xuventude, das aspiracións frustradas da adolescencia? Todo isto débese á negligencia dunha sociedade opulenta, á falta de implicación e progreso. En todo caso, o personaxe realmente interesante é Plato, interpretado por Sal Mineo. A xente quería crer nunha historia, pero non hai tal. Simplemente quixen influenciar os pais.

Para que tentasen comprender a conduta dos seus fillos? Non, para que reflexionasen sobre o que estaban a facer coas súas vidas. Os pais dese tempo convertéranse nunha xeración perdida.

Trátase dun filme político? Abbie Hoffman dixo tal. Que lle dean á política. Vivir é facer política.

Tamén conseguiches que Humphrey Bogart, en *En un lugar solitario* (1950), interpretase por vez primeira un personaxe fráxil. Si, creo que Bogie estivo fantástico, e nos dous filmes que fixen con el conseguín que nunca tivese unha pistola nas mans. A pistola era un apoio constante para el. *En un lugar solitario* foi un proxecto moi persoal.

A verdadeira intensidade dese filme reside no feito de que non hai maneira de que ese home e esa muller

recuperen a súa relación. A sospeita triunfa. Si, realmente non sabemos nada deles. No primeiro bosquexo que escribín canda Bundy Solt o remate era máis claro. El matábaa e Frank Lovejoy arrestábaa. Pero non me gustaba ese final. Así que botei fóra do set de rodaxe a todo o mundo agás os actores e improvisamos o final. Non sabíamos que sentido tería pero a experiencia foi marabillosa.

Acabamos de saber que Werner Herzog en *Corazón de cristal* (1976) hipnotizou os seus actores para incrementar a súa xerarquía. Hipnotizar actores é dicirlles como teñen que erguerse, camiñar, baixar as escaleiras. Un actor debe contribuír á dirección. Un debe estar preparado para confiar na súa espontaneidade, para aprobeitala e poñela en movemento. Debemos axudar para que participe e sume ao filme.

Publicado en <http://nicholasrayfoundation.org>
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Nicholas Ray (Wisconsin 1911 – Nova York 1979) iniciábase na arquitectura (con Frank Lloyd Wright) e o teatro de improvisación (con Elia Kazan) antes de se converter nun dos cineastas máis persoais do Hollywood clásico, de grande influencia nos autores da *Nouvelle Vague*. Entre as súas obras máis celebradas atopamos suxestivos noirs (*En un lugar solitario* –1950–, *La casa en la sombra* –1952–), un insólito western feminista *Johnny Guitar* (1954), desencantados filmes de guerra (*Amarga victoria*, 1957) ou a obra que situou a James Dean como símbolo dunha xeración sen rumbo: *Rebelde sin causa* (1955).

NA LIBRARÍA NUMAX

Nicholas Ray, Jean Wagner. Cátedra, 1994

Nicholas Ray y la política de la vida emocional,

Robert B. Pippin. Shangrila, 2019

Nicholas Ray en RKO. Vértice [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax